

Frases feitas do Concello das Neves

María Dolores Barbeito Lorenzo

Recollemos neste traballo expresións oídas por nós no Concello das Neves, do que somos nativos. En moitos casos trátase de expresións que nós mesmos utilizamos desde hai anos e que empregan persoas de diferentes idades. Outras veces teñen un uso menos habitual ou case exclusivo por parte das persoas maiores. Aínda sendo moitas destas frases de uso local, pódese dicir que moitas delas son correntes en boa parte do territorio de Galicia. Unha primeira versión parcial deste traballo foi presentada nas clases de galego da Escola Oficial de Idiomas de Vigo.

Ao longo desta nosa achega, procuramos ofrecer e definir o mellor que puidemos cada unidade fraseolóxica, polo que as presentamos como se dun dicionario se tratase. A ordenación é alfabética e, para unha maior comprensión, incluímos polo menos un exemplo de uso para cada caso.

O concello das Neves é un concello do sur de Galicia que pertence á comarca do Condado e que limita polo sur co río Miño, fronteira natural con Portugal.

Abreviaturas e símbolos:

COL.: coloquial

EUF.: eufemístico

fór.: fórmula rutineira

HUM.: humorístico

IRÓN.: irónico

loc. adv.: locución adverbial

loc. adx.: locución adxectiva

loc. pro.: locución pronominal

loc. sub.: locución substantiva

loc. ver.: locución verbal

PEX.: pexorativo

SXR: frase feita exclusiva de San Xosé de Ribarteme

VUL.: vulgar

#: forma tal e como foi oída a expresión

a abanar *loc. adx.* COL. Sen nada, sen conseguir nada, coas mans baleiras, sen diñeiro, mal de diñeiro ou recursos. [Úsase con verbos como *andar*, *estar* ou *quedar*]. *Como non vaias xa, vas quedar sen peixe, vas quedar a abanar.*

abrir a boca e falar o espírito *loc. ver.* COL. PEX. Falar sen pensar o que se di; non gardar segredos, contalo todo. *Ti abres a boca e fala o espírito, se pensases un pouquiño o que dis...*

agachar a orela *loc. ver.* COL. Humillarse, mostrarse submisivo, ceder, abandonar actitudes de rebeldía, atrevemento, insolencia, etc. *Ti moito conto por detrás, mais cando ela está diante ben que agachas a orela.*

andar enriba do vulto [a alguén] *loc. ver.* COL. 1. Procurar un momento débil ou propicio para tirar proveito ou vingarse [de alguén]. *Ándolle enriba do vulto, se o pillo escáchoo.* 2. Andar detrás [de alguén] para deitarse con el. *Ándalle enriba do vulto a esa muller xa vai para uns cantos meses.*

andar/estar á capa caída [a alguén] *loc. ver.* COL. Procurar un momento débil ou propicio para tirar proveito ou vingarse [de alguén]. *Ándolle á capa caída, se o pillo escáchoo.*

andar no aire *loc. ver.* COL. Mostrarse moi orgulloso. *Mira se chegou onde quería que dende que casou anda no aire.*

andar pola codia *loc. ver.* COL. Cobrar pouco, cobrar menos do que se merece. *Coitado do Fernando que traballa coma un burro e anda pola codia.*

apertarse o corazón [a alguén] *loc. ver.* COL. Sentir angustia ou medo. *Apertouseme o corazón cando baixabamos a costa tan de présa, pensei que era a fin.* # apretar

arder e non botar fume *loc. ver.* COL. Estar moi incomodado mais conterse e disimulalo. *Que como lle vai a Reisiño despois de saber a noticia? Arde e non bota fume.* # fumo

(baixo/pequeno) coma un tapullo *loc. adx.* COL. Moi baixo ou pequeno. *Ese rapaz é coma un tapullo, dáche a ti pola cintura se me descoído.*

basto coma os piollos / máis basto cós piollos *loc. adx.* COL. Moi abundante. *No regueiro do Casal da Vila os porcos bravos andan bastos coma os piollos. | O millo na Veiga da Porta nace basto coma os piollos.*

bater co nariz na merda *loc. ver.* VUL. Encontrar ou conseguir o peor despois de pretender o mellor. [Aplicase sobre todo ao casamento ou a cando alguén escolle moito]. *Tanto escolle que vai bater co nariz na merda.* # narís

boa boca *loc. sub.* COL. Pouca esixencia coa comida e bo apetito. [Úsase xeralmente co verbo *ter* e na construción de *boa boca*]. *Para ir alí é indispensable ter boa boca. | Non creo que chegue esa comida, que nesta casa somos todos de boa boca. | Para iso é preciso boa boca.*

boca aberta *loc. sub.* COL. Persoa que chora moito, chorón. *Non podó ir ao concerto de Nadal porque teño que levar a Raquel, e co boca aberta que é, é imposible asistir.*

botar a man [a algo] *loc. ver.* COL.. EUF. Roubar. *É bo rapaz pero... non é de fiar: bota a man.*

botar a perna por riba [a alguén] *loc. ver.* COL. Facer [un home] o acto sexual [cunha muller]. *O Pepe non che perde o tempo, así que pode bótalle a perna por riba e despois non vale 'se eu soubese'.*

botar o ollo [a algo/alguén] *loc. ver.* COL. Fixarse [en algo/alguén que se desexa conseguir]. *Botoulle o ollo á filla pequena do carniceiro. | Quero comprar un coche e xa lle botei o ollo a un.*

botar para o cemiterio [alguén] *loc. ver.* COL. Esgotar ata matar [alguén]; matar. *Quixo casar coa nova e vaino botar para o cemiterio.* # cementerio

botarse/revirarse [a alguén] **coma un can** *loc. ver.* COL. Pórse moi alporizado [con alguén] ou tentar agredir, atacar ou bater [a alguén]. *Estaba furioso e revirouse a el coma un can. Se non os separam a cousa había de ser grave.*

cagar xofre *loc. ver.* VUL. Estar moi débil, andar preto da morte por causa de enfermidade. *Leva uns días a cagar xofre, non sei se durará moito.* # axofre

cagar o can no camiño [a alguén] *loc. ver.* VUL. Malograrse algo que se tiña previsto, saír [a alguén] mal un asunto. *Agora que todo lle ía ben... cagoulle o can no camiño.*

campá grande *loc. sub.* COL. PEX. Persoa que fala sen pensar o que di ou que non garda segredos, que o conta todo. *Calquera se fia desa campá grande.* # campana

cantar de galo *loc. ver.* COL. Falar máis da conta ou descubrir segredos por estar borracho. *Ti bébelle ben que logo cantas de galo e cando te arrepiantas xa non hai remedio.*

cantar no poleiro [a alguén] *loc. ver.* COL. Ter [un home] conquistada [a unha muller] e facer o acto sexual [con ela]. *Como non ande con coitado, o Pepiño vaille cantar no poleiro á María.*

cara de xouba *loc. sub.* COL. Cara delgada, afiada e pequena. [Úsase xeralmente co verbo *ter*]. *Olla para aí que cara de xouba ten ese.*

Casa a raposa *fór.* COL. [Dise cando sae o sol e chove ao mesmo tempo ou cando sae o arco da vella]. *-Mira o que chove e inda así fai sol. -É que che casa a raposa.*

Chámalle can á cadela! *fór.* COL. IRÓN. [Dise de alguén que nos parecía pouco esperto mais que demostrou con algún feito ou dito ser persoa aguda]. *-Helena díxo que leve a Cristina máis veces á súa casa. Bo milagre!, estívolle coitando da súa nena toda a tarde...! -Chámalle can á cadela!*

chuchar os ósos [a alguén] *loc. ver.* COL. Abusar [de alguén], maltratar, dar [a alguén] mala vida. *Coitado! É un santo e a muller chuchalle os ósos, e así anda.*

cinco reis de xente *loc. sub.* COL. Persoa moi miúda, de pouca estatura. *É cinco reis de xente, mais os fillos son máis ben grandeiros.*

co rabo entre as pernas *loc. adx.* COL. Avergoñado, humillado. [Úsase con verbos como *fuxir, irse, saír*, etc.]. *Ao final deixámolo en evidencia e tivo que fuxir co rabo entre as pernas.*

coa barriga en van *loc. adx.* COL. Con fame, sen comer. [Úsase con verbos como *andar, durmir, estar, ir*...]. *Fun para a cama coa barriga en van e non daba adormecido.*

collelas por onde non pelan *loc. ver.* COL. Traballar moi pouco, facer o menos posible. *Non o chamo máis ao xornal, que ese cólleas por onde non pelan.*

coma o aire *loc. adx.* COL. Voluble, inconstante, propenso a mudar logo de parecer. [Úsase xeralmente co verbo *ser*]. *Esa é coma o aire, agora está de mal como dentro dun pouco xa está de ben.*

coma un angazo *loc. adx.* COL. Acaparador, que colle todo en beneficio propio e non deixa nada para os demais. [Úsase xeralmente co verbo *ser*]. *A Pilara é coma un angazo, foi á herba aos Campiños e non deixou nada atrás.*

coma un pancho *loc. adx.* COL. Saciado, farto de comer e beber ben [Úsase con verbos como *estar, ir, pórse* ou *quedar*]. *Si señor, quedei coma un pancho, había tempo que non comía así.*

comer coma un paxariño/pisco *loc. ver.* COL. Comer moi pouco, ser moi pouco comedor. *Como vai engordar se come coma un pisco?*

comer cos ollos [alguén/algo] *loc. ver.* Ollar con desexo, interese, insistencia [alguén/algo]. *Non a mira toda, cómea cos ollos, e non é para menos: éche xeitosa de raio.*

comer merda de moucho *fór.* VUL. PEX. [Aplicase a quen acepta as cousas sen cuestionalas, a quen se deixa enganar facilmente]. *E ti faslle caso ao que di?... Parece que comes merda de moucho!*

cona levantada *loc. sub.* VUL. PEX. Muller que anda atrás dos homes e non se dá ao respecto. *Esa sempre foi unha cona levantada, e a filla sae a ela.*

contar co ovo no cu da galiña *loc. ver.* COL. Contar con algo que non se ten a certeza de conseguir, dar como certo algo que aínda non o é. *Vai comprar unha casa cos cartos que lle deixe a sogra. Iso é coma contar co ovo no cu da galiña.*

corpo aberto *loc. sub.* COL. PEX. Persoa que fala sen pensar o que di ou que non garda segredos, que o conta todo. *Calquera che fai caso, es un corpo aberto.* | *A Luísa é un corpo aberto, abre a boca e fala o espírito, así que mira o que lle contas.*

cos dentes arregañados *loc. adx.* COL. Abandonado e pobre. [Úsase co verbo *morrer*]. *Tirou tanto contra a familia que ao final vai morrer cos dentes arregañados.*

cousa con cousa *loc. sub.* COL. [En frases negativas con verbos como *facen*, *deixan*, *dicen*, *haben*, etc., expresa a falta de orde ou de sentido]. *Ese teu amigo parece tolo, non di cousa con cousa.* | *Deixámolo a el só e foi un desastre, non fixo cousa con cousa.*

criar cona *loc. ver.* VUL. Non facer nada, estar ociosa [unha muller]. *Esa está todo o día a criar cona, como llo fan todo...*

criar os pitos ao abade *loc. ver.* COL. HUM. Morrer. *Ultimamente estás moi desmellorado, tes mala cara... Como non te coides, vaslle criar os pitos ao abade.*

cuspir para riba *loc. ver.* COL. Vangloriarse, alardear; falar mal doutros ou facer críticas doutros que outros poden chegar a facer de quen as fai ou que poden volverse contra quen as fai. *-Ese é un drogadieto. -Non cuspas para riba, non vaia ser que che caia na familia.*

da orella guicha/arriquichada *loc. adx.* COL. Moi agudo, moi esperto. *Ese é da orella guicha, seguro que ha de saber dar conta do recado.*

dar couces no cu *loc. ver.* COL. Correr moito; fuxir. *Fomos ás ameixas, mais cando vimos vir o dono das froiteiras demos couces no cu.*

de burro *loc. adx.* COL. Incomodado, de mal humor. [Úsase con verbos como *andar*, *estar* e *vir*]. *Esa non fala ás dereitas, está de burro, mais xa lle pasará.*

de chos *loc. adx.* COL. Contento, de bo humor, de broma. *Hoxe está de chos, cousa rara nel.* | *A ver se o collo de chos para lle pedir que me axude.*

de cona revirada *loc. adx.* VUL. PEX. Ruín, que actúa con mala fe, mal intencionado, retorcido. *Está que agancha con ese veciño de cona revirada que ten desde hai unhas semanas.*

de corno *loc. adx.* COL. Incomodado, de mal humor. [Úsase con verbos como *andar*, *estar* e *vir*]. *Esa non fala ás dereitas, anda de corno, mais xa lle pasará.*

dentes de burro *loc. sub.* COL. Dentes moi grandes. *Cando ri mostra eses dentes de burro que ten.*

Dígocho, fillo; enténdemo, nora *fór.* COL. [Úsase cando falando con alguén se reprende indirectamente a outra persoa]. *Explicoume diante de Concha que estragou a máquina esoutro día, como se fan as fotocopias. Díxome diante dela por aquilo de 'dígocho, fillo; enténdemo, nora'.*

do fociño longo *loc. adx.* COL. Mal comedor. *É un cagabicho, debeu quedar así porque é do fociño longo.*

do fociño redondo *loc. adx.* COL. Bo comedor. *É un cagabicho mais cómeche ben, é do fociño redondo.*

do sangue pasmado *loc. adx.* COL. PEX. Excesivamente tranquilo, pasivo ou calmoso, de pouco ánimo, de pouca iniciativa. *Saiulle un fillo contrario de vez ao pai, un fillo do sangue pasmado.* # do sangue parmado

durmir coma un pancho *loc. ver.* COL. Durmir placidamente. *Acábase de deitar e xa está a durmir coma un pancho.*

durmir coma un santo *loc. ver.* COL. Durmir placidamente. *Acábase de deitar e xa dorme coma un santo.*

enfiar polo cu dunha agulla [alguén] *loc. ver.* COL. Facer [con alguén] o que quere [por ser moi agudo, moi espelido]. *É pequeno, que inda parece que naceu onte, e xa te enfiá polo cu dunha agulla.*

engordar para morrer *fór.* COL. [Dise para resumir unha situación aparentemente boa pero que resulta ser catastrófica]. *Que traballo moito, que son bo compañeiro... Si, si, engordar para morrer. | -Están todos os días a dicirlle que non hai un compañeiro mellor, que é moi puntual, o mellor traballador da empresa. -Xa ves, engordar para morrer, dentro dun par de meses no paro. A ver como llo agradecen.*

estar a romper roupa *loc. ver.* COL. Estar na cama (sexa a durmir ou non). *O Pepe? O Pepe estache a romper roupa.*

facér a gata *loc. ver.* COL. Faltar á escola sen xustificación. *Ese fíxo a gata outra vez; a esta hora tiña que estar na escola.*

facér a parte *loc. ver.* Finxir, tentar enganar. *Non te fíes, éche moi fino, fai a parte para non dar pancada.*

facér un pan coma noces *loc. ver.* COL. Conxeniar [dúas (ou máis) persoas]. *Sempre andan xuntos, fan un pan coma noces.*

facér un remedio no fondo da barriga [a alguén] *loc. ver.* COL. Realizar [un home] o acto sexual [cunha muller]. *A esa loura faciálle eu un remedio no fondo da barriga.*

falso coma as putas / máis falso cás putas *loc. adx.* VUL. PEX. Moi falso, que non é o que aparenta. *Ese é máis falso cás putas, non digades que non vos aviso.*

fozar na fariña *loc. ver.* COL. Ter de todo, ser moi rico. *Casou ben, os sogros fozan na*

fariña, téñenche varios apartamentos e un chalé en Panxón.

gardar a boca *loc. ver.* Ter coidado co que se come. *O médico dixolle que non podía comer de todo, mais el non lle fai caso, e está claro que para vivir moitos anos hai que gardar a boca.*

haber roupa ao sol *loc. ver.* COL. Haber persoas diante [especialmente rapaces] que non deben oír o que se está a dicir. *Cala con iso que hai roupa ao sol.*

Has/ha... de andar a rastro coma as cobras! *fór.* [Úsase para desexarlle mal a alguén]. *Habedes de vovos mal, habedes de andar a rastro coma as cobras!*

home de pluma *loc. sub.* COL. Home con estudos, que non traballa no campo. *Aproveita que é home de pluma.*

Inda cegues/cegue... (e non vexas/vexa... camiño nin carreiro!) *fór.* [Úsase para maldicir a alguén, para desexarlle mal]. *Inda ceguedes! Como non cumprades o que prometestes, xírovos que mas pagades! # mires/mire*

ir con todos ao monte e ao muíño *loc. ver.* COL. Quedar ben con todos, non comprometerse. *Ese vai con todos ao monte e ao muíño.*

ir/vir de favor *loc. ver.* COL. Traballar [para alguén] sen cobrar [mais esperando que devolvan o favor]. *Vanme vir de favor os do Regueiro.*

levar os cartos roubados *loc. ver.* COL. Non merecer os cartos que cobra [por traballar pouco]. *Non o chamo máis ao xornal que ese leva os cartos roubados.*

lingua de trapo *loc. sub.* COL. PEX. Persoa que o conta todo, incapaz de gardar segredos, persoa indiscreta. *Es unha lingua de trapo, non volvo contarche nada. # lingua*

lingua pezoñosa *loc. sub.* COL. PEX. Persoa groseira ao falar, bocalán; persoa que di cousas que ofenden ou feren. *Que mal fala!, é unha lingua pezoñosa. # lingua*

Mala chispa te/o... coma/mate! *fór.* COL. [Dise para desexarlle mal a alguén]. *Quen serían os culpables desta desfeita? Mala chispa os coma!*

Malo raio te/o... parta! *fór.* COL. [Dise para desexarlle mal a alguén]. *Quen serían os culpables desta desfeita? Malo raio os parta!*

malo sangue *loc. sub.* COL. PEX. Mala fe, carácter ruín, mala intención. *Está que agancha con ese veciño de malo sangue que ten desde hai unhas semanas. | Non o chaman porque coñecen o seu malo sangue.*

María das pernas abertas *loc. sub.* VUL. PEX. Persoa excesivamente xenerosa, que o dá todo. [Aplícase tanto a homes como a mulleres]. *Teño un home que é unha María das pernas abertas, todo o que ten, todo o dá.*

Mételle/metédelle o dedo na boca! (a ver se che/vos trava) *fór.* COL. IRÓN. [Dise para indicar que alguén non é parvo]. *Mételle o dedo na boca! E parecía parvo o rapaz.*

meter os pés nos petos [a alguén] *loc. ver.* COL. Rirse de alguén sen que se dea conta [para demostrar que se é máis fino]. *Ti non te teñas á vela que, cando menos penses, méteche os pés nos petos. | Fíate, cando te deas conta xa che meteu os pés nos petos. # bolsillos/petos*

mexar á parede *loc. ver.* VUL. Pasar o enfado [a alguén]. *-Onte discutiches con María. -Discutín, mais... vaía, xa mexou á parede.*

mexar nas tamancas *loc. ver.* COL. Ser moi vello e sen forza [un varón]. [Por ext. aplícase á decadencia sexual do varón]. *Agora só che queda mirar para elas, xa mexas nas tamancas.*

Miña beizón! *fór.* [Dise para expresar agradecemento]. *-A ver, avoa, que te axudo a erguer da cadeira. -Miña beizón, neniña!*

mollar a palleta *loc. ver.* COL. Beber un pouco de viño ou doutra bebida. *Non me esperes, que non paso por esta taberna sen mollar a palleta.*

montón de esterco/merda *loc. sub.* VUL. PEX. **1.** Persoa que non vale para nada, inútil. *Vaía montón de merda! Non sabe nin lavar un prato. 2. Persoa pouco aseada, desaliñada ou mal vestida. *Olla como vai sempre, é un montón de merda.**

na pimpinela *loc. adx.* COL. Moi ben arranxado, moi ben adornado, xeitoso [para lucirse]. [Úsase con verbos como *andar*, *estar* ou *ir*]. *Sempre vai na pimpinela, dá gusto vela.*

non caber o cu nas calzas [a alguén] *loc. ver.* COL. Estar moi contento [unha persoa con algo], estar moi orgulloso. *Xa acabou a carreira e non lle cabe o cu nas calzas de contento que está.*

non caber o pan na boca [a alguén] *loc. ver.* COL. Contar todo, ser indiscreto, non gardar segredos. *Xa sei como es, así que como non che cabe o pan na boca non podó dicirche nada.*

non comer auga quente *loc. ver.* COL. [Dise de quen está moi delgado e moi desfavorecido, úsase xeralmente precedido de *parece que* ou *seica*]. *Achégalle máis á rapariga que parece que non come auga quente. # agua*

non dar pancada *loc. ver.* COL. Non facer nada, non traballar; ser un preguiceiro. *Estache todo o día na casa e non dá pancada.*

non dar puntada sen nó *loc. ver.* COL. Actuar de forma premeditada para acadar os propios obxectivos, non facer nada sen procurar o interese propio. *Chámalle choucha! Esa non dá puntada sen nó. # nudo*

non escapar os bois coa grade [a alguén] *loc. ver.* COL. IRÓN.. [Dise de quen ten moita calma, de quen é demasiado tranquilo e non se dá présa ningunha, especialmente no traballo]. *Vaiche boa! A ese non che lle escapan os bois coa grade!*

non querer nin os cans [algo] *loc. ver.* COL. Non querer ninguén [algo] [por ser de pouco valor]. *E ti vaslle dar esa roupa? Home, home, se nin os cans a queren!*

non ser/parecer do seu tempo *loc. ver.* COL. EUF. Non ser normal, ser retrasado. *Dis cada parvada que parecez choucho, non parecez do teu tempo.*

non ver camiño nin carreiro *loc. ver.* COL. Non ver nada [por ser noite fecha]. *Á volta non viamos camiño nin carreiro e perdémonos.*

nun aire *loc. adv.* COL. Ao momento, en moi pouco tempo. *Non tes por que te preocupar, iso facémolo nós nun aire.*

Nunca paz ti/el... teñas/teña...! *fôr.* [Úsase para maldicir a alguén, para desexarlle mal]. *Nunca ti morras, lapeiro do demo, nunca paz ti teñas!*

Nunca sorte teñas/teña...! *fôr.* [Úsase para desexarlle mal a alguén]. *Nunca sorte teñas por todo o mal que me fixeches!*

Nunca ti/el... morras/morra...! *fôr.* [Úsase para maldicir a alguén, para desexarlle mal]. *Nunca ti morras, lapeiro do demo, defraudador, nunca paz ti teñas!* [Nota: o desexo de que non morra é porque quedaría penando].

o olliño do cu *loc. sub.* VUL. A persoa preferida, o favorito. *O fillo pequeno é o olliño do cu do seu pai.*

oír cantar o galo e non saber onde *loc. ver.* COL. Non entender ben [unha cousa que se oíu], interpretar mal [unha información]. *Si, si, ti oír oíches cantar o galo mais non sabes onde. Isto só che é a metade da misa.*

os camiños para andar *loc. pro.* COL. Nada, cousa ningunha. [Úsase para ponderar a pobreza en construcións como *ter os camiños para andar* ou *quedar cos camiños para andar*]. *Parece mentira, mais a pesar do que foi, hoxe ten os camiños para andar.*

para recibir a Deus *loc. adx.* COL. **1.** Sen almorzar; sen comer alimento ningún. [Úsase con verbos como *estar*, *deixar* ou *quedar*]. *Cando chegastes eu aínda estaba para recibir a Deus.* **2.** Sen entender nada; sen saber algún asunto. [Úsase con verbos como *estar*, *deixar* ou *quedar*]. *Cóntame iso que*

nese asunto quedei para recibir a Deus. # Dios

pasar o sol pola lúa [a alguén] *loc. ver.* COL. PEX. Perder [unha muller] a virxindade. *Míralle para a cara, xa hai tempo que lle pasou o sol pola lúa.*

pau de vira tripas *loc. sub.* COL. Persoa moi delgada e, xeralmente, alta. *Non sei que viu nese pau de vira tripas que é a súa namorada. Se nin sequera é simpática.*

pedir para as almas *loc. ver.* COL. PEX. [Aplicase a quen acepta as cousas sen cuestionalas, a quen se deixa enganar facilmente]. *Ti es choucho ou pides para as almas?*

peor cá campá grande (de Santa Marta) *loc. adx.* COL. PEX. (SXR) Moi indiscreto. [Dise da persoa que fala sen pensar o que di ou que non garda segredos, que o conta todo]. *A tía tía é peor cá campá grande, abre a boca e sábeo todo o mundo. | Ai, Deus!, que lle contarias que esa é peor cá campá grande.* # pior cá campana grande de Santa Marta

picar a cobra *loc. ver.* COL. Provocar, picar. *Non piques a cobra que despois temos guerra e non hai quen vos ature. | Andaches a picar a cobra e agora non o queres aturar.*

poder recibir a Deus *loc. ver.* COL. **1.** Estar sen almorzar; estar sen comer alimento ningún. *A esa hora podía recibir a Deus.* **2.** Non coñecer algo de que se fala; non entender algo. *-A filla da Severa está preñada. -Non che sabía, conta, podo recibir a Deus.* # Dios

pór fóra *loc. ver.* COL. Ser adúltero, enganar o cónxuxe ou compañeiro. *Esa debe pór fóra, mira como ela vai. Cando vai co home non sae así.*

pór os bois ao carro *loc. ver.* COL. Adormecer. *Acábase de deitar e xa puxo os bois ao carro.*

(Que) Deus te/o... abeizoe! *fôr.* [Úsase para desexar boa sorte ou para expresar gratitude a alguén pola súa bondade ou por algo que fixo]. *Deus te abeizoe, meu churrusqueiriño!* # Dios

(Que) Deus te/o... críe para boa sorte! *fór.* [Dise (sobre todo aos rapaces) para desexar boa sorte]. *Deus vos críe para boa sorte, rapaces!* # Dios

(Que) inda cegue! *fór.* COL. [Úsase para reforzar a veracidade dunha afirmación]. *Se non é verdade que inda cegue.*

quedar á deriva coma o aceite *loc. ver.* COL. Quedar ben con todos, non comprometerse. *Sempre lle gusta quedar á deriva coma o aceite.*

quedar para tío *loc. ver.* COL. Ficar [un home] solteiro. *Como escollas tanto vas quedar para tío.*

quedar sen aire *loc. ver.* COL. Levar unha grande sorpresa ou susto. *Estaba a fumar no cuarto e cando viu entrar a nai quedou sen aire.* | *Ao virar o tractor quedei sen aire. Pensei que estaba morto.*

quedar sen fala *loc. ver.* COL. Levar unha grande sorpresa, susto ou emoción. *Ao velo alí quedei sen fala, non contaba con el.*

quentar as orellas [a alguén] *loc. ver.* COL. **1.** Bater [a alguén], dar labazadas. *Voulle quentar as orellas cando o vexa.* **2.** Reprender, criticar, importunar, molestar contando algo. *Quentoume as orellas co asunto ese da elección, non lle volvo por alí.*

quentar o lombo [a alguén] *loc. ver.* COL. Bater [a alguén], dar unha tunda [a alguén]. *A ese voulle quentar eu o lombo cando o agarre.*

quente da rabadilla *loc. adx.* VUL. PEX. [Dise da muller que anda atrás dos homes e non se dá ao respecto]. *Sempre foi quente da rabadilla, xa se lle coñecen unha chea de noivos.*

saber o que esqueceu ao demo *loc. ver.* COL. Saber moito; ser moi astuto (xeralmente por ter moita experiencia). *A ese non o apañan que ese sabe o que lle esqueceu ao demo.* # escaceu

Se te/o... levara o demo! *fór.* [Úsase para desexar mal a alguén]. *Se te levara o demo!...*

sen dar puntada *loc. adv.* COL. Sen facer nada, sen traballar. *Vive coma unha marquesa, sen dar puntada.*

tan pobre coma a roupa/camisa que leva posta / máis pobre cá roupa/camisa que leva posta *loc. adx.* COL. Moi pobre. *Arruinouse, agora é tan pobre coma a camisa que leva posta.*

ter a barriga en van *loc. ver.* COL. Ter fame; estar sen comer. *Tráenos algo de comer que temos a barriga en van desde a mañanciña.*

ter a barriga encosida *loc. ver.* COL. [Dise de quen come moi pouco porque non pode comer máis]. *Ese ten a barriga encosida, co que el come eu pasaría unha fame de can.*

ter a burra no pau *loc. ver.* COL. Non saber que facer, estar indeciso. *Quero ir á feira, mais agora téñoche a burra no pau, se vén a miña filla queda de porta a fóra.*

ter a cona quente *loc. ver.* VUL. PEX. Ser muller promiscua, que anda atrás dos homes. *Anda con unha que ten fama de ter a cona quente e el non o sabe.*

ter a lingua pezoñosa *loc. ver.* COL. PEX. Ser unha persoa que blasfema, di groserías ou cousas que feren. *Non quero que fale con el, que ten a lingua pezoñosa.* # lingua

ter catro pelos espichados á subela *loc. ver.* COL. Ter moi pouco cabelo, ter o cabelo moi ralo. *De tanto pór a permanente quedánlle catro pelos espichados á subela.* # sobela

ter de ollo [alguén/algo] *loc. ver.* COL. Sentir antipatía por [alguén/algo]. *A xente do lugar tiñao de ollo polo maleducado que era.*

ter debaixo dun dente [alguén] *loc. ver.* COL. Non soportar [alguén], caer mal [a alguén]. *Dende que berraron tena debaixo dun dente.*

ter menos sentido ca unha cabra na páxara *loc. ver.* VUL. PEX. Ter moi pouco siso, ser irreflexivo. *Falaron de ti o que quixeron e ti inda lles miras para a cara, tes menos sentido ca unha cabra na páxara.*

ter menos xeito ca un can a cagar *loc. ver.* VUL. Ter pouca habilidade [facendo algo]. *Son uns godallos, teñen eles menos xeito ca un can a cagar.*

ter o ás para matar o tres *loc. ver.* COL. Ter resposta para todo, ter a última palabra. *Non hai quen o cale, el sempre ten o ás para matar o tres.*

ter o grelo *loc. ver.* COL. Ter [unha rapariga (ata aproximadamente os catorce anos)] aspecto ou comportamento de rapaz. *Xa viches a filla do Aser, din que ten o grelo.*

ter o sangue pasmado *loc. ver.* COL. PEX. Ser de pouco ánimo, de pouca iniciativa, ser excesivamente tranquilo, excesivamente pasivo ou calmoso. *O fillo do Cibrán ten o sangue pasmado, olla que todo o que pasou e coma se non fose con el. # sangue parmado*

ter rabo/cu de palla *loc. ver.* COL. Ter algún punto débil ou aspecto censurable, ter motivo para sentirse aludido ou para ser criticado. *Ese ten rabo de palla, non che estraña a súa reacción.*

tirado aos sete cabalos *loc. adx.* COL. De moito nivel, de moito luxo. [Úsase con substantivos como *casamento*]. *Este si que foi un casamento tirado aos sete cabalos. Non faltou de nada, había fartura de todo.*

tirarse de diante *loc. ver.* COL. EUF. Matarse, suicidarse. *Está tan farto de todo que Deus queira que non se tire de diante.*

tirarse do mundo *loc. ver.* COL. EUF. Matarse, suicidarse. *Está tan farto de todo que Deus queira que non se tire do mundo.*

Tócallo o carallo! *fór.* VUL. [Expresa admiración ou sorpresa]. *-E non foi el mesmo denunciar o pai? -Tócallo o carallo!*

traballar para quecer *loc. ver.* COL. Traballar (ou esforzarse) inutilmente ou sen recibir en troco un beneficio. *Non perdas o tempo niso, é traballar para quecer. # cacer*

varrerse o mundo [a alguén] *loc. ver.* COL. Desmaiarse, marearse. *O último que vin*

antes de varrerseme o mundo foron moitas caras ao redor de min.

ver a morte aos ollos *loc. ver.* Acharse nun grave perigo de morte. *Cando era mariñeiro nunha ocasión viú a morte aos ollos e xa non quixo volver ao mar.*

verde coma as brotias / máis verde cás brotias *loc. adx.* COL. Moi verde, sen madurar [froitas]. *Estes pexegos están verdes coma as brotias, é mellor deixalos madurecer un bocado.*

vidro do cheiro *loc. sub.* COL. PEX. (SXR) Muller moi delicada fisicamente, que non traballa ou non fai nada porque calquera cousa a pode ferir. [Xeralmente aplicase a persoas que saíron da aldea e non axudan no traballo. Só o din as mulleres doutras mulleres]. *Non fai nadiña, éche un vidro do cheiro.*

vivir do aire *loc. ver.* COL. 1. Alimentarse moi pouco. *Precisa un soldo todos os meses para manter a familia. Ou pensas que viven do aire?* 2. Vivir sen traballar. *Ti pensas que vas vivir do aire toda a vida?*

xuntar allos con cebolas *loc. ver.* COL. Confundir ou mesturar cousas ou feitos moi diferentes, que non teñen nada en común. *Non xuntas allos con cebolas. Unha cousa non ten que ver coa outra.* [Nota: ten que ver coa forma de plantalos, xa que non se deben plantar xuntos pois grelan].